



“PLAN DE CONTINXENCIA CEIP PLURILINGÜE OS CASAIS”

O Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe Os Casais ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual (Aula Covid- andar 1º), colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarlo e incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade. De confirmarse o positivo, o equipo COVID do centro escolar comunicará ao equipo COVID- Escolar do centro de saúde de referencia.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta

telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiránse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

Medidas xerais.	Medidas Pedagóxicas	Medidas Organizativas
a) Manter o contacto coas familias e alumnado a través de diferentes medios: telefónicos, Abalar Móbil, Videoconferencia (aplicación que facilite a Consellería), aulas virtuais do centro, correo electrónico e páxina web. b) Desinfectar o centro. c) Revisar o plan en busca de melloras.	E.I 1º e 2º de E. Primaria. Ferramentas de traballo: Emprego da aula virtual do centro este será o medio de traballo habitual. As actividades serán publicadas polos titores e os diferentes especialistas. Adaptación da actividade a situación de ensino telemático. As actividades e contidos estarán adaptados en forma e temporalización a nova situación.	1. O horario de traballo telemático será o habitual do centro, de 08:50 – 13:50, mantendo igualmente os horarios previstos para o ensino presencial para xuntanzas e atención a familias. 2. Cando se fagan videoconferencias co alumnado, deberá coincidir co horario habitual da materia, para non solaparse e facilitar a organización. 3. Cada profesor será responsable da atención telemática do seu alumnado; publicación de tarefas, videoconferencias, resolución de dúbidas etc.
	3º e 4º E. Primaria. Empregarán a aula virtual. Dende principio de curso se familiarizarán co seu	



uso.

A actividade e contidos, estará adaptada en forma e temporalización á nova situación.

5º e 6º EP

Ao ser cursos Edixgal, empregarán a Aula Virtual de EDIXGAL

O alumnado está familiarizado co seu uso.

Alumnado con NEE e sen acceso a internet.

Para os casos especiais de alumnado que polas súas características teñan dificultades no acceso as diferentes plataformas telemáticas, ou que pola súa falta de conexión non poidan seguir o proceso de ensino – aprendizaxe; implementaranse excepcionalmente; a posibilidade de pasar polo centro a recoller tarefas. O profesorado manterá o contacto telefónico con estas familias.

4. Todos os martes de

16:00 – 17:00
haberá xuntanza co profesorado, para facer un seguimento da situación xeral e do funcionamento do ensino telemático.

5. O móbil do centro centro será atendido polo director de 10:00 a 13:00 horas, para resolver as dúbidas que poidan ter as familias.

6. Ao seguinte día de suspender as clases presenciais, se convocaría un claustro extraordinario para lembrar a organización do centro na nova situación.

7. Se a suspensión lle afectara unicamente a un grupo ou varios de alumnos pero non a todo o centro, as medidas anteriores se lle aplicarían a estes grupos



8. Realización de simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche (aula virtual e webex)

9. Elaboración do horario espello de 3º en adiante

10. Análise das necesidades de dispositivos electrónicos

11. Identificación do profesorado que precisa formación

ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA- Ensino Virtual

En caso de peche dunha aula ou do centro, levaremos a cabo os seguintes puntos:

1. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiposcasais/aulavirtual/> (EI, 1º,2º,3º e 4º de EP)

ou de EDIXGAL (para 5º e 6º)

2. A plataforma de videoconferencias será o webex.
3. O profesorado e alumnado deberá conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión debe facerse con antelación suficiente para aproveitar o período lectivo.
4. Estableceranse diariamente o control de asistencia do alumnado mediante as ferramentas habituais.
5. Todas as actividades programadas contarán para a avaliación do alumnado.
6. As titorías para as familias serán os martes de 16:00 a 17:00 por webex, sempre con cita previa.

HORARIO ESPELLO- ENSINO VIRTUAL

A- O alumnado de Educación Infantil, levará a cabo as tarefas programadas na aula virtual para os 3 cursos. Terán que conectarse tamén unha vez á semana coa titora, no seguinte horario:

DÍA/HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:00- 11:30			6º EI- 5 ANOS		
11:30- 12.00			5º EI- 4 ANOS		
12:00- 12.30			4º EI- 3 ANOS		

B- O Alumnado de 1º e 2º EP levará a cabo as tarefas programadas na aula virtual para os 2 cursos. Terán que conectarse tamén tres horas á semana coa titora, no seguinte horario:

DÍA/HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00- 11:00	2º EP		2º EP		
11:00- 12:00	1º EP		1º EP		1º E 2º EP

C- Para o alumnado de 3º,4º, 5º e 6º seguiranse os seguintes horarios:

Tal e como establece a resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e FP pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peche de aulas ou centros educativos no contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos para o curso 20-21, todas as actividades serán do seguinte xeito:

Sesión de 50 min: 30 minutos de conexión a webex co titor,
20 minutos de traballo individual na aula virtual/EDIXGAL

HORARIO 3º/4º EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
1º Hora: 8:50- 9:40 8:50- 9:20: webex 9:20-9.40: aula virtual	Inglés	Matemáticas	Inglés	L.Galega	Ed. Física
2º Hora: 9:40- 10:30 9:40-10:10: webex 10:10-10:30: aula virtual	Ed. Física	CC.Sociais	L.Galega	CC.Naturais	L. Castelá
10:30 a 10:45	RECREO				
3º hora: 10:45-11:35 10:45-11:15: webex 11:15-11:35: aula virtual	VSC/Relixión	L.Galega	Matemáticas	Ed. Plástica	Matemáticas
11:35 a 11:50	RECREO				
11:50 a 12:10	TITORÍA ALUMNADO				
4º Hora: 12:10 a13:00 12:10-12:40- webex 12:40- 13.00- aula virtual	Matemáticas	Inglés	L.Castelá	CC.Sociais	Música
5º Hora: 13:00 a 13:50 13:00- 13:30 webex 13:30-13:50 aula virtual	CC.Naturais	L.Castelá	CC.Sociais (3º) Libre conf. (4º)	L.Castelá	L.Galega

HORARIO 5º EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
1º Hora: 8:50- 9:40 8:50- 9:20: webex 9:20-9.40: EDIXGAL	Matemáticas	Lingua Castelá	Matemáticas	Plástica	Inglés
2º Hora: 9:40- 10:30 9:40-10:10: webex 10:10-10:30: EDIXGAL	Inglés	CC Sociais	Música	Lingua Castelá	Lingua Castelá
10:30 a 10:45	RECREO				
3º hora: 10:45-11:35 10:45-11:15: webex 11:15-11:35: EDIXGAL	Lingua Castelá	Lingua Galega	CC Naturais	Matemáticas	Relixión/ Valores
11:35 a 11:50	RECREO				
11:50 a 12:10	TITORÍA ALUMNADO				
4º Hora: 12:10 a13:00 12:10-12:40- webex 12:40- 13.00- EDIXGAL	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Galega	Inglés	Matemáticas
5º Hora: 13:00 a 13:50 13:00- 13:30 webex 13:30-13:50 EDIXGAL	Educ. Física	CC Naturais	CC Sociais	Lingua Galega	Educ. Física

HORARIO 6º EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
1º Hora: 8:50- 9:40 8:50- 9:20: webex 9:20-9.40: EDIXGAL	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
2º Hora: 9:40- 10:30 9:40-10:10: webex 10:10-10:30: EDIXGAL	Lingua Castelá	Inglés	Plástica	Inglés	Relixión/ Valores
10:30 a 10:45	RECRO				
3º hora: 10:45-11:35 10:45-11:15: webex 11:15-11:35: EDIXGAL	CC Sociais	CC Naturais	CC Sociais	Ed. Física	Lingua Castelá
11:35 a 11:50	RECRO				
11:50 a 12:10	TITORÍA ALUMNADO				
4º Hora: 12:10 a13:00 12:10-12:40- webex 12:40- 13.00- EDIXGAL	Música	Ed.Física	Lingua Castelá	Lingua Galega	Inglés
5º Hora: 13:00 a 13:50 13:00- 13:30 webex 13:30-13:50 EDIXGAL	Lingua Galega	Lingua Galega	CC Naturais	CC Sociais	Libre Configuración

D- O Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Os Casais está formado pola mestra especialista en Audición e Linguaxe e a Xefa do Departamento. Ambas comparten con outros centros educativos, quedando o seu horario no noso centro da seguinte forma:

HORARIO AL	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
1º Hora: 8:50- 9:40 8:50- 9:20: webex 9:20-9.40: EDIXGAL/AV		6ºEP		6º	
2º Hora: 9:40- 10:30 9:40-10:10: webex 10:10-10:30: EDIXGAL/AV		4º EP		4º	
10:30 a 10:45	RECRO				
3º hora: 10:45-11:35 10:45-11:15: webex 11:15-11:35: EDIXGAL/AV		4º EP			
11:35 a 11:50	RECRO				
11:50 a 12:10	TITORÍA ALUMNADO				
4º Hora: 12:10 a13:00 12:10-12:40- webex 12:40- 13.00- EDIXGAL/AV				6º	
5º Hora: 13:00 a 13:50 13:00- 13:30 webex 13:30-13:50 EDIXGAL/AV		6º EP			

Para 2º EP e El poñerá traballo na aula virtual xunto cos titores

HORARIO ORIENTADORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
1º Hora:8:50- 9:40					
2º Hora: 9:40- 10:30					
10:30 a 10:45					
3º hora:10:45-11:35				ATENCIÓN ALUMNADO E FAMILIAS	
11:35 a 11:50					
11:50 a 12:10					
4º Hora:12:10 a13:00				ATENCIÓN ALUMNADO E FAMILIAS	
5º Hora:13:00 a 13:50					

MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

13. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:



FASE 1. Adecuación dos espazos.

Duración: 1 semana

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Redefinición dos circuitos de circulación interna.
- Reorganización de entradas e saídas, especialmente do alumnado transportado.
- Dispor do ximnasio como aula se fora necesario para manter as distancias, sempre que a suspensión afectara a un só grupo.

FASE 2. Formación de pequenos grupos.

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%.
Faranse grupos que acudiran por días ao centro. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento

Obxectivos

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización dos espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2.



FASE 3. Refuerzo das medidas aprendidas en pequeno grupo.

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Igualmente por grupos que acudiran por días ao centro. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva, especialmente para o alumnado de transporte.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

FASE 4. Reactivación.

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100%. Se fose posible manterase dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.











Obxectivos

- Seguir con normalidade a activade presencial.









PLAN DE ENSINO VIRTUAL DE ALUMNADO VULNERABLE







Co fin de posibilitar a mellor atención educativa ao alumnado vulnerable, e tal como establece a **Resolución do 18 de febreiro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ensino virtual garantido a atención á diversidade, establécese o seguinte Plan específico de actuación.

A continuación especificase as **actividades tipo** a realizar en caso de suspensión da docencia presencial co alumnado que recibe atención por parte das mestras de PT, AL e ARCO:

-  Articulación de fonemas obxecto de traballo en sílabas e palabras.
-  Fichas interactivas.
-  Fichas de escritura creativa.
-  Fichas de repaso de ortografía.
-  Esquemas e fichas para reforzar os contidos das áreas lingüísticas
-  Xogos para reforzar e mellorar o uso social da linguaxe.
-  Actividades de expresión verbal oral e escrita.
-  Lectura comprensiva de textos.
-  Elaboración de mapas mentais e esquemas con conceptos e ideas clave.
-  Cálculo de operacións aritméticas

Os **recursos materias** a realizar en caso de suspensión da docencia presencial co alumnado que recibe atención por parte das mestras de PT, AL e ARCO:

-  Lotos fonéticos.
-  Articulemas.
-  Láminas de <https://www.soyvisual.org/>.
-  Fichas interactivas a través de liveworksheets
-  Powerpointns interactivos de <https://9letras.wordpress.com/>
-  Tarxetas para favorecer a estimulación e expresión oral.
-  Materiais de elaboración por parte das mestras especialistas.
-  Edixgal.

-  Aula Virtual.
-  Xogos interactivos.
-  Fichas con organizadores gráficos.
-  Dicionarios online.
-  Recta numérica.
-  Calculadora.

Os recursos anteriormente mencionados foron consensuados coas mestras titoras xunto co equipo de atención á diversidade.

No Departamento de Orientación estará custodiado o plan individualizado do alumnado, no que se reflicte o número de sesións nas que recibirá apoio, as actividades a realizar cunha temporalización de 14 días e os recursos materiais e persoais, así como as ferramentas dixitais que se van empregar. Comunicarase ao alumnado e as súas familias a proposta realizada polo equipo docente, e dito documento quedará a disposición das familias cando o soliciten.

En canto a comunicación coas familias, será a través de videoconferencias, correo electrónico ou chamadas telefónicas e sempre e cando estas o necesiten, realizarase unha titoría virtual.

As actividades adaptaranse ás circunstancias de cada familia, o importante é manter o contacto coas familias e o alumnado, tanto para coñecer a evolución do seu estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

Realizaranse sesións de práctica e formación coas familias e co alumnado vulnerable, de igual xeito que se realizou o adestramento na utilización das aulas virtuais con carácter xeral.